

DEBUXO ARTÍSTICO (70)

Contidos básicos para a realización da PAU 2026

A análise do deseño curricular da materia Debuxo Artístico e da súa situación dentro da modalidade de Artes en bacharelato fai que se considere necesario aclarar unha serie de cuestións sobre a proposta de exame.

Según o disposto no Real Decreto 243/2022 e o Decreto 157/2022, páx. 50664 a materia de Debuxo Artístico *“Constitúese como unha linguaxe específica (...) o debuxo non só é a orixe de múltiples actividades artísticas ou unha ferramenta de coñecemento, tamén é un instrumento de expresión e de comunicación, xa que, ao utilizalo, se proxecta unha visión do mundo na que **se combinan o estudo atento e analítico da realidade e a reinvencción que dela fai a imaxinación**. O debuxo, ademais de servir para realizar as primeiras exteriorizacións de pensamentos e emocións, é íntimo e directo, liberador na súa inmediatez; en definitiva, supón un primeiro intento de apropiación do espazo.”*

No Decreto 157/2022 defínense como obxectivos da materia *“... asegurar a adquisición das destrezas e técnicas necesarias, incluídas as dixitais, para a súa aplicación en diferentes proxectos e ámbitos, descubrindo o debuxo como **linguaxe gráfica intelectual e desenvolvendo no alumnado a facultade dunha observación activa**. Así mesmo, búscase promover unha **sensibilidade estética cara ás obras propias e cara ás dos demais**, descubrindo o debuxo como medio independente de expresión persoal.”*

Na proba de Debuxo Artístico propónse un proceso reflexivo sobre a arte materializándose en catro cuestións. A primeira competencial e creativa onde o alumno/a deberá facer un debuxo a partir dun texto e dunha imaxe. As tres cuestións seguintes, tamén de índole competencial, consistirán na análise por escrito dunha obra artística. As respostas de cada unha das cuestións (2, 3 e 4) non superará, en cada unha de ellas de aproximadamente, 12 liñas ou 200 palabras.

As cuestións segunda, terceira e cuarta céntranse na observación, a análise e a comparación da obra artística proposta, nelas búscase estimular a capacidade expresiva escrita, máis alá do discurso académico, facendo uso do

seus coñecementos sobre a linguaxe propia da arte e das técnicas e procedementos artísticos. O obxectivo principal é que o estudante teña a capacidade de relacionar sobre a experiencia artística visual (que pertence á súa vivencia artística) e a concreción verbal (que se integra no ámbito da reflexión teórica sobre a arte).

Coa intención de facilitar esta reflexión propóñense unha serie de artistas que poderán ser obxecto de análise na proba PAU. Esta proposta entenderase como unha posible base para que o estudante reflexione sobre a arte, e que poña en palabras un discurso reflexivo sobre o sentido, intención e evolución das obra artísticas, intentando acadar unha visión xeral do mundo artístico.

CONTIDOS BÁSICOS DA MATERIA

Bloque 1. Concepto e historia do debuxo

- *O debuxo na arte dos séculos XIX e XX. Obras máis representativas de diferentes creadores e creadoras.*
- *Da representación obxectiva á subxectiva. Do figurativo á abstracción.*
- *A Bauhaus e o deseño.*
- *O debuxo como expresión artística contemporánea. Debuxar no espazo.*
- *Debuxo e artes plásticas en Galicia nos séculos XIX e XX. O Laboratorio de Formas.*

Proposta de contidos:

- **O Romanticismo** (finais del XVIII e mediados XIX) artistas como: Francisco de Goya y Lucientes (1746-1828), Caspar David Friedrich (1774-1840), John Constable (1776-1837), Joseph Mallord William Turner (1775-1851), Eugène Delacroix (1798-1863) e os Prerrafaelitas: John Everett Millais (1829-1896) ou Dante Gabriel Rossetti (1828-1882).
- **O Realismo** (sobre 1840-1880) como: Gustave Courbet (1819-1877).
- **O Impresionismo** (sobre 1860-1890) por exemplo: Édouard Manet (1832-1883), Claude Monet (1840-1926), Camille Pissarro (1830-1903), Berthe Morisot (1841-1895), Mary Cassatt (1844-1926).

- **O Postimpresionismo** (aproximadamente 1886-1905) por exemplo: Paul Cézanne (1839-1906), Vincent Van Gogh (1853-1890), Paul Gauguin (1848-1903).
- **O Simbolismo e o Modernismo** (entre finais do XIX e principios do XX) como: Gustav Klimt (1862-1918), Gustave Moreau (1826-1898), Alfons Mucha (1860-1939).
- **O inicio da escultura moderna**, artistas como: Auguste Rodin (1840-1917) e Camille Claudel (1864- 1943).
- **O Expresionismo** (principios do XX) como: a Nova obxectividade de Otto Dix (1891-1969) ou George Grosz (1893- 1959).
- **O Fauvismo** (ó redor de 1905-1910) como: Henri Matisse (1869-1954).
- **O Cubismo** (entre 1907-1917) como: Pablo Picasso (1881-1973), Georges Braque (1882-1963), Juan Gris (1887-1927), Pablo Gargallo (1881-1934)
- **A Escola Metafísica** (ó redor de 1910-1920) por exemplo: Giorgio de Chirico (1888-1978).
- **A abstracción pictórica** (de 1910 en adiante) por exemplo: Vasili Kandinsky (1866-1944).
- **O Neoplasticismo** (ó redor de 1917) por exemplo: Piet Mondrian (1872-1944)
- **O Dadaísmo** (de 1916 o 1919) por exemplo: Marcel Duchamp (1887-1968)
- **O Surrealismo** (sobre 1920-1950) como: Salvador Dalí (1904-1989), Remedios Varo (1908-1963), Maruja Mallo (1902-1995), Marc Chagall (1887-1985)
- **O Pop Art.** (sobre 1950-1970) como: Andy Warhol (1928-1987), Roy Fox Lichtenstein (1923-1997), David Hockney (1937-)
- **Do expresionismo abstracto** artistas como: Jackson Pollock (1912-1956), Mark Rothko (1903-1970) e a Nova Figuración como Francis Bacon (1909-1992), Lucian Freud (1922-2011)
- Galicia nos séculos XIX e XX** como: Carlos Maside (1897-1958), Luis Seoane (1910- 1979), Eugenio F. Granell (1912-2001)
- **O Hiperrealismo** de Antonio López García (1936-)

Bloque 2. A expresión gráfica e os seus recursos elementais

- *A retentiva e a memoria visual.*
- *As formas e a súa transformación: a forma entendida como unha estrutura de elementos e relacións. Espazos negativos e positivos das formas.*
- *Textura visual e táctil.*
- *Técnicas gráfico-plásticas, tradicionais, alternativas e dixitais.*

Bloque 3. Debuxo e espazo

- *A liña, o debuxo e a tridimensionalidade.*
- *A perspectiva. Aplicación da perspectiva cónica ao debuxo artístico.*
- *Encadramento e debuxo do natural. Relación coa fotografía.*
- *Espazos interiores, exteriores, urbanos e naturais.*
- *Xeometría e natureza.*

Bloque 4. A luz, o claroscuro e a cor

- *O sombreado e a mancha. Escalas e claves tonais.*
- *Calidades e relacións da cor. O contraste de cor. Cor local, tonal e ambiental. Usos da cor no debuxo.*
- *Dimensións da cor. Aplicacións prácticas.*
- *Perspectiva atmosférica.*
- *A cor asociada á liña. Arte óptica e xeométrica.*

Bloque 5. A figura humana

- *Representación do ser humano ao longo da historia. Canon e proporción. Os estereotipos de beleza en diferentes épocas.*
- *Nocións básicas de anatomía artística.*
- *Apuntamento do natural e do escorzo.*
- *O retrato. Faccións e expresións.*

- *O corpo humano como soporte e como instrumento de expresión artística.*

Bloque 6. Proxectos gráficos colaborativos

- *A distribución de tarefas nos proxectos gráficos colaborativos: criterios de selección a partir das habilidades requiridas e das necesidades do proxecto.*
- *Fases dos proxectos gráficos.*
- *Estratexias de selección de técnicas, ferramentas, medios e soportes do debuxo adecuados a distintas disciplinas.*
- *Estratexias de avaliación das fases e os resultados de proxectos gráficos. O erro como oportunidade de mellora e de aprendizaxe.*

SOBRE A PROBA

A proba constará de 4 preguntas de resposta obrigatoria:

a) A primeira cuestión de 6 puntos, competencial e creativa. A partir dun texto e unha imaxe realizarase un debuxo creativo con técnica libre.

A realización deste debuxo será sobre un papel que se entregará no momento do exame. O papel será Canson Imagine Mixed Media A4 dun grama-xe de 200 g/m².

A técnica a empregar será libre, tendo presente que só poderá usar técnicas secas (grafito, lapis ou rotuladores de cores, collage, carbón prensado,...) e/ou húmidas (tinta, acuarela, témpera, collage, ...) de secado rápido e natural, non se poderá usar secador e fixador e o debuxo deberá estar seco no momento de entregar a proba na aula.

O alumno deberá traer ao exame o material necesario para a realización da proba excepto o papel.

Teranse en conta os seguintes aspectos:

- A capacidade creativa do alumno atendendo o enunciado proposto.
- A capacidade de interpretación da obra proposta.
- A capacidade de análise e síntese da imaxe.

- A composición.
- As relacións de proporcións entre os obxectos.
- A capacidade expresiva da técnica gráfica escollida.

b) As tres cuestións seguintes (segunda, terceira e cuarta) tamén competeciais, de 2, 1 e 1 puntos, respectivamente, propóñense para a análise e reflexión do proceso de elaboración dunha obra de autor.

Nestas cuestións o estudante deberá facer un comentario dunha extensión aproximada, en cada unha das cuestións, de 12 liñas ou 200 palabras, na que reflexione sobre os aspectos dos Bloques 2, 3, 4, 5 e 6 recollidos nos “*Contidos Básicos da Materia*” no Decreto 157/2022.

Os artistas que se inclúen neste documento no *Bloque 1. Concepto e historia do debuxo*. serán os susceptibles das propostas de estes exercicios de reflexión.

Teranse en conta os seguintes aspectos:

- A capacidade de reflexión sobre o proceso creativo desde o boceto ata a realización da obra.
- A capacidade de análise sobre a obra e a cuestión proposta.
- A claridade expositiva.

Para calquera dúbida a dirección de correo é: aliste@uvigo.gal

Santiago de Compostela, 15 de setembro 2025